

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 7 DE OUTUBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da aprobación pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para o programa de incremento dos servizos de accesibilidade universal a través da comunicación social e a sociedade da información no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, no exercicio 2024. Importe total: cento cincuenta e catro mil cento oitenta e un euros con cincuenta e dous céntimos (154.181,52€).
- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Aliad-Ultreia para o desenvolvemento e execución do Plan España te protege contra la violencia machista, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU. Importe: corenta e dous mil cento oitenta e nove euros con dezaioito céntimos (42.189,18€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no Instrumento financeiro do programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027, territorio P2 A Coruña, modalidade Pequenas e medianas empresas, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, por un importe total de dez millóns vinte e tres mil sesenta e nove euros (10.023.069,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación por Xestur Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 75 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela 10 do sector PP1-R do Bertón, Ferrol (A Coruña).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a modificación da porcentaxe do anticipo á conta previsto no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nas bases reguladoras do Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación do Sistema público de saúde transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal (PRIS-T) para o ámbito de Galicia, no marco do proxecto Transfiresaúde do Programa de cooperación Interreg VI-A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, por importe de cincocentos mil euros (500.000 €).
- Acordo polo que se aproba a obra do novo centro de saúde Novoa Santos de Ourense como proxecto público de urxencia ou de excepcional interese, ao abeiro da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio para as anualidades 2024 e 2025, a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Galega de Empresas Musicais-AGEM para o desenvolvemento de accións de promoción e de análise da industria musical en 2024 e 2025, por importe total de cincuenta e dous mil euros (52.000,00€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, na orde pola que se amplía o crédito orzamentario existente para a concesión das axudas previstas na Orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, por importe dun millón setecentos sete mil setecentos doce euros con corenta e dous céntimos (1.707.712,42€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o novo edificio para o Cesga (Centro de Supercomputación de Galicia).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe relativo aos resultados da reunión anual da Organización de Pesquerías do Atlántico Noroeste (NAFO), celebrada en setembro de 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA É A PRIMEIRA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN APROBAR UNHA ESTRATEXIA DE INFRAESTRUTURA VERDE PARA POÑER EN VALOR OS ECOSISTEMAS E MITIGAR O CAMBIO CLIMÁTICO

- Creará unha rede territorial continua entre os espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural para conservar a biodiversidade e garantir o bo estado dos hábitats polos beneficios que achegan á sociedade e á sustentabilidade do planeta
- Fai especial fincapé nas urbes promovendo iniciativas como a creación de rúas verdes con especies autóctonas que contribúan a atenuar o efecto “illa de calor”, a implantación de novos espazos como fachadas, cubertas, muros e balcóns verdes, ou o aproveitamento das oportunidades que ofrecen as zonas de periferia
- Reforzarase a posición da Comunidade como refuxio climático e destino turístico verde e sustentable
- Situará Galicia nunha posición vantaxosa para poder captar fondos europeos orientados á recuperación ambiental, tanto por parte das administracións como de entidades privadas

Galicia é a primeira comunidade autónoma en aprobar unha estratexia de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, que ten como obxectivo a creación dunha rede de espazos e elementos que melloren a resiliencia ante o cambio climático, contribúan á conservación da biodiversidade e beneficien as poboacións das contornas.

A infraestrutura verde é unha iniciativa promovida pola Comisión Europea orientada a integrar, fortalecer e propiciar un uso racional dos elementos territoriais acorde cos compromisos adquiridos na Estratexia de biodiversidade e nos distintos regulamentos e directivas que inciden no ambiente. Nesa liña, busca a integración entre as necesidades de conservación de determinadas áreas e o uso sustentable dos recursos naturais, a través dun marco básico e adaptativo de planificación sustentado nunha zonificación territorial homoxénea para todo o territorio europeo.

Deste xeito, o Consello da Xunta tomou hoxe razón da aprobación, por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, cuxa finalidade é crear unha rede territorial continua entre aqueles espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural. Para iso deseñárase unha planificación que permita conservar a biodiversidade e garantir o bo estado dos ecosistemas polos beneficios que achegan á sociedade e á sustentabilidade do planeta. Ademais, reforzarase a posición de Galicia como refuxio climático e como destino turístico verde e sustentable.

Nesa liña, é fundamental dotar as cidades de espazos verdes urbanos -parques, xardíns, fontes ou áreas recreativas- que repercutan, entre outras cuestións, na redución das emisións á atmosfera -nas áreas urbanas xéranse entre un 40% e un 70% das emisións de gases de efecto invernadoiro- e na mellora da calidade de vida da cidadanía xo que son beneficios tanto desde o punto de vista da saúde como da interacción social ao seren estas zonas un espazo de encontro e lecer colectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Renaturalización das cidades

Nese senso, a estratexia de infraestrutura verde fai especial fincapé nas urbes promovendo iniciativas como a creación de rúas verdes coa plantación de especies autóctonas que, xunto co uso de pavimentos naturais, contribúan a atenuar o efecto “illa de calor”; a implantación de novos espazos como fachadas, cubertas, muros e balcóns verdes; o deseño de parques e xardíns; o aproveitamento das oportunidades que ofrecen as zonas de periferia -camiños rurais, áreas recreativas, etc.-.

Así mesmo, recuperarase a integridade ecolóxica dos cursos fluviais e das zonas húmidas, englobados nas áreas urbanas e periurbanas; controlaranse e erradicaranse as especies exóticas invasoras; crearanse microrreservas que sirvan de refuxio á fauna -comedoiros, caixas niño, etc.- e tomaranse en consideración as necesidades de conexión de hábitats dos polinizadores.

A estratexia representa, polo tanto, un cambio de paradigma na ordenación do territorio, xa que permitirá reducir a fragmentación de hábitats que albergan ecosistemas clave para o benestar da poboación. Ao abeiro desta iniciativa, ademais do deseño dunha planificación e xestión do territorio que respecte os ecosistemas máis vulnerables, fortalecerase a coordinación entre as distintas administracións públicas para garantir o éxito da implementación desta infraestrutura verde, e darase prioridade á información, formación e participación da cidadanía nesta materia.

Captación de fondos europeos

Ademais, a aprobación desta estratexia sitúa Galicia nunha posición vantaxosa para poder captar fondos europeos orientados á restauración ambiental, tanto por parte das administracións como de entidades privadas. As institucións comunitarias están a impulsar iniciativas de cara a recuperar a saúde dos ecosistemas, deter a perda da biodiversidade e mitigar os efectos do cambio climático á vez que se impulsa unha economía máis sustentable.

Deste xeito, serán susceptibles de obter financiamento proxectos de renaturalización, como, entre outros, a creación de cintos verdes nas cidades, a reformulación de espazos con solucións baseadas na natureza que favorezan a infiltración e eviten inundacións, a instalación de microhábitats ou illas de biodiversidade e a recuperación de fontes públicas. Tamén se incluírían actuacións de desfragmentación como, por exemplo, o deseño de pasos de fauna acuática e terrestre ou o desenvolvemento de sendas de continuidade entre os espazos urbanos e os periurbanos ou rurais.

A maiores, a Estratexia galega de infraestrutura verde identifica áreas prioritarias de restauración ecolóxica, nas cales se mellorará o estado de conservación dos hábitats con actuacións como, por exemplo, a erradicación de especies exóticas invasoras ou a recuperación de bosques de ribeira. Estas accións, que se levarán a cabo en, polo menos, o 15% dos ecosistemas alterados, desenvolveranse a través de proxectos específicos e permitirán a creación de novos postos de traballo directos e indirectos, principalmente no ámbito rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez aprobada esta estratexia, no ano 2025 elaborárase o primeiro plan de seguimento e implantación da infraestrutura verde de Galicia, en que se concretarán as medidas que se desenvolverán nun período temporal que se prolonga, acorde coas estratexias europea e española, ata o ano 2050. Nese plan tamén se incluírá a constitución, dentro do Consello Asesor da Paisaxe, dunha comisión sectorial na cal participarán expertos neste eido.

Cómpre lembrar que o Goberno galego xa vén traballando nesta materia. De feito, a Comisión Europea seleccionou a Xunta, que delegou no IET a misión de coordinar a iniciativa GIFT (*Green Infrastructure for Forest and Trees*), cuxa misión é establecer medidas e políticas sectoriais efectivas no eido da infraestrutura verde e da paisaxe. Impulsado no marco do Interreg Europe-Feder e cun orzamento de 1,9 M€, o proxecto, en que participan 9 entidades máis de países e rexións da UE, pon especial énfase e atención nos bosques, árbores e paisaxes que albergan os territorios asociados, procurando a recuperación de servizos ecosistémicos relacionados coa biodiversidade, o clima, a auga ou a fixación de carbono, entre outros.

Aoemais, o IET tamén lidera o proxecto *Green Gap*, que, cun orzamento de máis de 2,1 M€, financiado no marco do Programa Interreg España-Portugal (POCTEP 2021-2027), ten como obxectivo contribuír a que as administracións locais xoguen un papel máis relevante na promoción das infraestruturas verdes nesta área. Nesta iniciativa participa un conxunto de entidades locais, administracións supramunicipais con competencias neste eido e entidades universitarias da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 154.000 EUROS A MELLORAR A ACCESIBILIDADE DAS CANLES DE COMUNICACIÓN DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA

A Consellería de Política Social e Igualdade asinará un convenio de colaboración con Faxpg para desenvolver a actuación

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para executar programas de mellora da accesibilidade no eido comunicativo das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva. O orzamento deste acordo ascende a algo máis de 154.000 euros, procedentes de fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (*NextGenerationEU*)

O obxectivo deste convenio é mellorar a accesibilidade universal das comunicacións coas persoas con algún tipo de discapacidade auditiva. Deste xeito, prevese que se publique información institucional actualizada a través dos distintos soportes con contido en lingua de signos que facilite o acceso áxil aos diferentes contidos.

Este convenio de colaboración supón unha mellora das ferramentas de información para os usuarios das canles de comunicación externa de Faxpg, principalmente a súa páxina web e as redes sociais, e dá resposta á necesidade dunha área específica de comunicación con persoal e equipamento específico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 42.000 EUROS Á RENOVACIÓN DA CASA DE ACOLLIDA DA ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA EN LUGO

Asinarase un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade para financiar as obras de mellora deste recurso, que atende mulleres vítimas de trata e explotación sexual

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Aliad-Ultreia para a mellora da casa de acollida que esta entidade ten en Lugo e na cal atende mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual ou en risco de sufrila. O orzamento deste acordo ascende a algo máis de 42.000 euros, procedentes de fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (*NextGenerationEU*)

O obxectivo do convenio é que os espazos comúns de convivencia que hai na vivenda sexan máis confortables e dotala de mellores elementos técnicos. Para isto, renovaranse espazos e distintos equipamentos, ademais de mellorar tanto a accesibilidade como a eficiencia enerxética do inmovble.

Este convenio de colaboración forma parte dos investimentos que destina a Xunta a mellorar a Rede galega de casas de acollida, para dotala de mellores equipamentos e servizos, e para que sexan non só totalmente seguras senón tamén confortables. Así, recentemente aprobouse un convenio co Concello do Porriño para a creación do primeiro centro de acollida especializado en vítimas con problemas de adicción e outro co de Lugo para a reforma integral das vivendas de acollida de titularidade municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE 10 M€ PARA APOIAR O CRECEMENTO DAS EMPRESAS QUE MANTEÑAN E CREEN NOVOS POSTOS DE TRABAJO

- Rueda salienta que se trata de achegas que se enmarcan “no Fondo de Transición Xusta” polo que a Xunta vai destinar 100 M€ a modernizar a industria galega
- Os apoios combinan, nunha mesma operación, subvención con préstamos directos que poderán ser parcialmente reembolsables, correspondéndose o tramo non reembolsable coa axuda concedida
- O obxectivo, destacou, é financiar de investimentos para “a creación de novos establecementos, a ampliación da capacidade dos existentes ou melloras para a diversificación da produción”
- O gasto mínimo subvencionable será de 60.000 euros e os apoios están orientados a financiar proxectos empresariais, o fomento da descarbonización nos sectores tractores de Galicia ou a mellora da eficiencia enerxética dos polígonos industriais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a creación dunha liña de préstamos, a través do Igape, dotada con 10 millóns de euros parcialmente reembolsables, pola que as empresas poderán optar a axudas e préstamos de modo conxunto para o financiamento de iniciativas co fin de potenciar o mantemento e a creación de postos de traballo, a innovación e a posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

Tal e como explicou a medida, en réxime de concorrência competitiva, inscríbese no marco do “Fondo de Transición Xusta”, polo que o Goberno galego destinará máis de 100 millóns de euros no período 2021-2024 a mellorar os procesos empresariais e a modernizar a industria na provincia da Coruña, unha das nove máis afectadas en España polo proceso de descarbonización. “O obxectivo é mitigar os efectos perxudiciais do peche das centrais das Pontes e Meirama”, indicou.

Estes préstamos concédense a través do Igape e Inega e permiten financiar proxectos empresariais, fomentar a descarbonización nos sectores tractores de Galicia, implantar novas industrias, mellorar a eficiencia enerxética dos polígonos industriais ou crear un polo de innovación tecnolóxica en enerxías renovables.

No caso desta nova liña, os préstamos están dirixidos a pequenas e medianas empresas que realicen ou teñan previsto levar a cabo unha iniciativa empresarial cun impacto económico e social positivo nos lugares identificados como zonas de transición xusta, o que, no caso de Galicia, se corresponde coa provincia da Coruña.

Neste marco, presidente indicou que o programa permitirá financiar “proxectos que supoñan a creación de novos establecementos, a ampliación da capacidade dos existentes ou melloras para diversificar a produción”. O gasto mínimo subvencionable

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

será de 60.000 euros e as iniciativas deberán manter o emprego e crear, polo menos, un posto de traballo.

Cómpre salientar que estas axudas combinan, nunha mesma operación, subvención con préstamos directos que poderán ser parcialmente reembolsables, correspondéndose o tramo non reembolsable coa axuda concedida.

Este tramo non reembolsable suporá o 25% do gasto subvencionable para as medianas empresas, e o 35% para as pequenas empresas e microempresas. O tramo reembolsable, pola súa banda, poderá ser reintegrado polo beneficiario nun prazo máximo de 12 anos, con carencia igual ao prazo de execución do proxecto previsto máis un ano.

Pemes e autónomos

A Consellería de Economía e Industria segue así a facilitar o acceso a préstamos ao tecido empresarial galego, principalmente a pemes e autónomos, ao seren estes os que sofren maiores dificultades para acadar o financiamento adecuado ás súas necesidades.

Neste sentido, desde o 2020 aprobáronse xa, no marco de distintos convenios coas entidades de crédito e as sociedades de garantía recíproca, preto de 3.500 solicitudes, moitas delas vencelladas ao programa Reaval Covid posto en marcha no contexto da pandemia, e formalizáronse operacións por valor de máis de 227 millóns.

Así mesmo, o programa de préstamos directos, cuxo obxectivo se vencella tamén á mellora das condicións de acceso ao crédito do tecido produtivo, favorecendo a entrada a instrumentos de débeda, permitiu, desde a súa posta en marcha en 2019, a concesión dun total de 56 operacións por un importe total de préstamos de máis de 63 millóns, que suman un investimento mobilizado de máis de 104 millóns.

Os préstamos coñecidos hoxe polo Consello impúlsanse no marco do programa do Fondo de Transición Xusta, a través do cal o Goberno galego tamén vén de activar unha nova liña de axudas dotada con máis de 8 M€ para a creación de centros dixitais de xestión remota co obxectivo de contribuír a mellorar a dixitalización dos procesos empresariais, a contorna das empresas ou a modernizar e desenvolver a base industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE 75 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO POLÍGONO DO BERTÓN, EN FERROL

- Autorízase a licitación da redacción e dirección de obra de novas vivendas, garaxes, rochos e locais na parcela 10 deste polígono, de 2.243 m² de superficie, por un orzamento de preto de 510.000 euros
- A licitación acordada polo Executivo autonómico completa a aposta pola vivenda de promoción pública neste barrio da cidade que, coa contratación autorizada hoxe, permite ter en marcha xa 369 novas vivendas en Ferrol
- A Xunta mantén o impulso na construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, ademais de incrementar o parque de vivenda na comunidade autónoma

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación do contrato de redacción de proxectos para a construción de 75 vivendas de promoción pública (VPP) no Bertón, no concello de Ferrol, que suporán un investimento de preto de 510.000 euros.

Esta licitación ten por obxecto a adxudicación dun contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 75 vivendas protexidas, garaxes, rochos e locais na parcela 10 do polígono do Bertón, de 2.243 m² de superficie, urbanizada a través da sociedade de Xestión do Solo de Galicia- Xestur Galicia.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Xunta licitarao nas vindeiras semanas.

A contratación acordada hoxe polo Executivo autonómico completa a aposta pola vivenda de promoción pública neste barrio da cidade que, coa contratación autorizada hoxe, permite ter en marcha xa 369 novas vivendas en Ferrol, en distintas fases de desenvolvemento.

Así, a pasada semana foron licitados os contratos de redacción de proxectos para a construción doutras 116 vivendas nas parcelas 14 e 15 do sector PP1-R deste mesmo polígono, cun investimento de case 915.000 euros.

Ademais, a Xunta ten licitada a redacción dos proxectos doutras 178 vivendas de promoción pública que se construírán no Bertón. Dese total, en agosto adxudicouse a redacción dos proxectos de 54 vivendas, que se construírán en dúas parcelas de 27 cada unha. E o pasado 16 de setembro licitouse a redacción dos proxectos doutras 124 vivendas, que se construírán en dúas parcelas de 75 e 49 vivendas, respectivamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MEDIO MILLÓN DE EUROS A IMPULSAR A INVESTIGACIÓN SANITARIA A TRAVÉS DO DESENVOLVEMENTO DE PROTOTIPOS DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS

- A convocatoria de subvencións está destinada aos institutos de investigación sanitaria de Galicia e o seu obxectivo é identificar proxectos con potencial comercial para transformalos en valor económico e social
- Esta actuación enmárcase dentro do proxecto de cooperación trasfronteirizo Transfiresaúde, co que Galicia e Portugal apostan pola I+D+i para abordar os retos comúns do envellecemento activo e saudable e a medicina personalizada
- A Xunta convocará, ademais, a primeira edición dos Premios de investigación en saúde para fomentar a investigación en atención primaria e apoiar a investigadores emerxentes
- A investigación na sanidade galega desenvólvese principalmente nas tres fundacións públicas de investigación sanitaria, na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e na Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía

A Xunta vai destinar 500.000 € a impulsar a investigación sanitaria a través do desenvolvemento precomercial de prototipos de solucións innovadoras. A convocatoria de subvencións está destinada aos institutos públicos de investigación sanitaria de Galicia e ten por obxectivo fomentar a transferencia de resultados do seu traballo, identificando aqueles proxectos que teñen potencial comercial e poden transformarse en valor económico e social.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación da porcentaxe do anticipo a conta nas bases reguladoras das axudas ao desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación no ámbito de Galicia.

A iniciativa enmárcase no proxecto de cooperación trasfronteirizo entre Galicia e Portugal 'Transfiresaúde', que aposta pola I+D+i para abordar os retos comúns do envellecemento activo e saudable e a medicina personalizada, preferentemente na contorna da atención primaria.

Este proxecto está cofinanciado pola Unión Europea, a través do Programa Feder de Galicia 2021-2027, no marco do Programa de cooperación interreg VI-A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027.

Un dos obxectivos do proxecto Transfiresaúde é o impulso dos resultados de investigación próximos ao mercado e o fomento da innovación empresarial desde a perspectiva da demanda auspiciada polo sector público. O seu propósito é a aceleración das mellores investigacións biomédicas na materia para achegalas ao mercado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para este fin establécese, no marco do proxecto, o desenvolvemento, en cada un dos territorios, dun Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación do sistema público de saúde transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal (PRIS-T) en réxime de concorrência competitiva. Esta ferramenta está deseñada para tender unha ponte entre o coñecemento xerado polos grupos de investigación e a creación de valor económico e asistencial a través de novos produtos e servizos.

Tras unha análise que permita identificar os puntos fortes e febles de cada proxecto, enfocado ao seu potencial desenvolvemento comercial, seleccionaranse os máis relevantes e elaborárase un plan de desenvolvemento estratéxico detallado sobre eles. O reto que se presenta é o de transformar o coñecemento, o esforzo e os recursos da I+D+i biosanitaria en valor económico e social.

Por parte dos socios portugueses do proxecto Transfresaúde (o Instituto de Investigación e Inovação em Saúde da Universidade do Porto, o Centro Clínico Académico-Braga e a Associação Centro de Medicina P5) nos vindeiros meses desenvolverán un programa de características similares ao aprobado agora en Galicia.

Premios de investigación en saúde de Galicia

Dentro do proxecto Transfresaúde, está previsto, tamén, que a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde convoque por primeira vez os Premios de investigación en saúde de Galicia.

Estes premios diríxense a dúas categorías. Por unha banda, o *“Premio a proxectos de investigación sanitaria en atención primaria”*, para proxectos que estean orientados a acadar beneficios e impacto nos resultados en saúde e relacionados coa práctica clínica e de enfermería. Está dotado cun importe de 5.000 euros para a candidatura gañadora e de 3.000 euros para o proxecto gañador do segundo premio.

Por outro lado, o *“Premio a traxectorias emerxentes de investigación en saúde”*, que ten o obxectivo de impulsar as traxectorias de novas xeracións de investigadores, apoiando os mellores traballos científicos e de investigación de calidade demostrada, realizados en calquera ámbito relacionado coa práctica profesional en investigación traslacional, preclínica e clínica. A candidatura gañadora recibirá un premio de 3.000 euros e o proxecto gañador do segundo premio recibirá 2.000 euros.

Investigación sanitaria en Galicia

A investigación no sistema público de saúde de Galicia desenvólvese principalmente nas tres fundacións públicas de investigación sanitaria (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela -IDIS-; Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Inibic; e Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur), na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e na Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía. Os institutos de investigación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sanitaria galegos son, pola súa vez, o resultado da asociación dos hospitais docentes e investigadores do Servizo Galego de Saúde co sistema universitario galego e outras entidades públicas.

O programa pretende valorizar resultados de investigación ou proxectos de innovación de profesionais que traballan no sistema público de saúde de Galicia, presentados a través da fundación pública galega de investigación biomédica da súa área de influencia.

Así, dáse resposta á necesidade de fomentar os resultados da investigación co fin de avanzar na cadea de valor, reducir o tempo de chegada ao mercado e incrementar o potencial comercial das tecnoloxías xeradas polo persoal investigador sanitario de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA O CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE NOVOA SANTOS DE OURENSE COMO PROXECTO PÚBLICO DE URXENCIA E EXCEPCIONAL INTERESE

- Con este acordo, adoptado hoxe polo Consello da Xunta, achegárase celeridade á construción do que será o primeiro centro integral de saúde da provincia
- Tras supervisar e aprobar o seu proxecto de execución, a Xunta licitará as obras por un importe aproximado de 14 M€
- A actuación recollerá os traballos de demolición do actual inmovible e a construción da nova infraestrutura sanitaria, que atenderá unha poboación de 130.000 persoas
- O CIS Novoa Santos contará con 13 alturas e unha superficie construída de máis de 7.584 metros cadrados
- O Executivo galego reforzará así a atención primaria da cidade ourensá con novos servizos e unidades asistenciais como rehabilitación, saúde mental ou radiodiagnóstico

O Consello da Xunta aprobou esta mañá declarar o novo Centro integral de saúde Novoa Santos de Ourense como proxecto público de urxencia e de excepcional interese.

Con este acordo, para a tramitación das obras do novo equipamento sanitario pola Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, o Executivo galego achegará celeridade á construción do que será o primeiro centro integral de saúde da provincia ourensá.

Así, e tras supervisar e aprobar o seu proxecto de execución, que determinará o orzamento final necesario, a Xunta licitará as obras, que teñen un importe estimado de máis de 14 millóns de euros.

A actuación recollerá os traballos de demolición do actual inmovible e a construción da nova infraestrutura sanitaria, que atenderá unha poboación de 130.000 persoas.

O futuro equipamento sanitario de vangarda distribuirase en 13 andares (semisoto + baixo + 11 andares) e contará cunha superficie construída de 7.584 metros cadrados.

Deste xeito, o Executivo galego reforzará a atención sanitaria da cidade de Ourense incorporando novos servizos, integrando no mesmo espazo o punto de atención continuada (PAC), e ampliando a atención médica e de enfermaría fóra do horario ordinario.

A maior dispoñibilidade de espazo permitirá incorporar novos servizos como programas de rehabilitación integral (solo pélvico, enfermidades musculoesqueléticas e rehabilitación cardíaca), así como ampliar a dotación de recursos, estruturais, diagnósticos e humanos. Ademais, permitirá incorporar novas unidades de diagnóstico,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con equipamentos e salas de ultrasóns e radiodiagnóstico, de saúde mental e de rehabilitación.

As instalacións do novo CIS Novoa Santos de Ourense disporán dunha área asistencial de atención clínica, con 33 consultas de medicina, enfermaría, farmacia, odontoloxía e hixienista, 4 salas polivalentes e 4 salas de docencia, ademais das correspondentes salas de técnicas, de tomas de mostras e de espera de pacientes, área de pediatría, con 4 consultas, médicas e de enfermaría, cunha sala polivalente e unha sala de lactación.

Xunto con isto, engádese a área de atención á muller, con 2 consultas, e o Centro de Orientación Familiar (COF) con dúas consultas de obstetricia, unha consulta de enfermaría e unha consulta de psicoloxía.

Ademais, contará con novas unidades como a área integral de rehabilitación, cunha consulta de fisioterapia, un ximnasio con 6 cabinas de tratamento e unha sala de rehabilitación; a área de saúde mental, con 17 consultas: psiquiatría, enfermaría, traballo social, psicoloxía e docencia; a área de radiodiagnóstico, cunha nova sala, específica de diagnóstico por ultrasóns, de nova creación, e unha sala de ecografía, ademais dunha área específica de telemedicina.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA O IMPULSO DA XUNTA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS DO PRIMEIRO PLAN ESTRATÉXICO DO SECTOR EN GALICIA

- Indicou que o Consello aprobou o convenio para a elaboración desta folla de ruta da industria musical galega, que se desenvolverá en tres fases ata xullo de 2025
- A colaboración con AGEM, que agrupa 50 empresas musicais, inclúe a creación dos primeiros premios da industria musical e a organización dunhas xornadas de promoción musical
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achegará 52.000 euros para a execución destas iniciativas entre os anos 2024 e 2025

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a sinatura dun convenio coa Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) a través do cal a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude contribúe con 52.000 euros ao desenvolvemento de distintas iniciativas de promoción e análise do sector durante o bienio 2024-2025, entre as que destaca a elaboración do primeiro Plan estratéxico da industria musical de Galicia.

Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta co obxectivo, tal e como apuntou Rueda, de “promocionar a industria musical en Galicia, un sector no que traballan unhas 3.250 persoas, que xera un volume de negocio de 227,7 M€ ao ano e que contribúe a facer marca Galicia”. Avánzase así na colaboración en prol da profesionalización e a dinamización neste ámbito cultural xunto co seu principal colectivo empresarial, que conta na actualidade con 50 firmas asociadas en toda a Comunidade.

O Plan estratéxico terá unha folla de ruta que se estruturará en tres fases ata xullo de 2025. A primeira xa está en marcha e refírese ao inicio da análise das “fortalezas e debilidades da industria musical galega, os recursos dispoñibles e a súa capacidade para responder as demandas do mercado e as expectativas sociais”, indicou o titular do Goberno galego. Este é o paso previo ao deseño dun conxunto de medidas específicas e de políticas de apoio orientadas a estimular a creación, produción e distribución de contidos musicais tanto a nivel nacional como internacional.

O estudo implicará, así mesmo, unha terceira e última fase de articulación dos correspondentes sistemas de avaliación que aseguren o seguimento e control dos obxectivos marcados a partir do trazado das accións máis eficaces para o seu desenvolvemento durante o período 2025-2030.

A oportunidade e necesidade deste plan estratéxico evidenciouse á vista dos datos recollidos no informe *Impacto da industria musical de Galicia: tendencias, retos e oportunidades*, realizado en 2023 por un equipo da Universidade de Santiago de Compostela e publicado en xaneiro deste ano pola Asociación Galega de Empresas Musicais co apoio económico da Axencia Galega das Industrias Culturais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Accións complementarias

Alfonso Rueda explicou que o convenio que se asinará proximamente inclúe tamén outras dúas accións de colaboración coa Asociación Galega de Empresas Musicais como “a posta en marcha dos primeiros premios da industria musical galega, que culminarán cunha gala de entrega na segunda metade de 2025”. O seu obxectivo é recoñecer as achegas e logros dos subsectores que conforman a industria musical, clasificados en 15 categorías.

Ademais, no mes de novembro deste ano e do que vén terán lugar en Pontevedra unhas xornadas de promoción musical para o encontro de promotoras e distribuidoras con profesionais da programación cultural de Galicia e do norte de Portugal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA ATA CASE 12 M€ AS AXUDAS DOS PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO PARA FAVORECER OPORTUNIDADES LABORAIS PEGADAS AO TERRITORIO E NOVAS TECNOLOXÍAS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe un incremento de máis de 1,7 M€ no crédito da última convocatoria destas achegas, o que supón unha suba superior ao 15% e que impulsará as oportunidades laborais dunhas 5.800 persoas desempregadas
- Estes apoios autonómicos permitirán desenvolver en total uns 58 proxectos, 33 en entidades sen ánimo de lucro e 25 en concellos. Cada programa terá 100 participantes dos cales polo menos o 35% deben acceder ao mercado laboral durante a súa execución
- As persoas beneficiarias destes programas reciben formación para o emprego e teñen a posibilidade de realizar prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia co contido teórico-práctico das accións formativas
- O Goberno galego tamén quere potenciar iniciativas innovadoras que favorezan a conciliación para mellorar a ocupación da cidadanía galega

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha ampliación do crédito de máis de 1,7 millóns de euros para a última convocatoria de axudas destinadas á realización de programas integrados de emprego en entidades sen ánimo de lucro e concellos cos que se melloran as oportunidades laborais das persoas sen emprego. Deste xeito, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración incrementa en máis dun 15% a contía destes apoios aos que destinará en total case 12 millóns de euros.

Nesta convocatoria o Goberno galego prima, entre outros, os proxectos innovadores en relación co perfil dos colectivos a que se dirixan e os que se caractericen pola utilización de novas tecnoloxías ou pola existencia de medidas de conciliación da vida familiar e laboral. Tamén se valorará a relación do proxecto co tecido empresarial do territorio onde se levará a cabo o programa co fin de mellorar a ocupación da cidadanía galega.

Unha vez recibidas as solicitudes no marco da convocatoria e comprobado que co crédito inicial se poderían beneficiar unhas 5.000 persoas, esta suba permite que poidan formar parte dos plans unhas 800 persoas máis, é dicir, un total dunhas 5.800 persoas desempregadas durante un período de 12 meses.

Todas elas recibirán formación para o emprego e teñen a posibilidade de realizar prácticas profesionais non laborais en empresas (teñen que realizar estas prácticas un mínimo de 15 persoas) en consonancia co contido teórico-práctico das accións formativas e co fin de incrementar a súa inserción laboral.

Durante todo o proceso formativo, o alumnado recibe orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial, para o que as entidades promotoras dos proxectos contarán co persoal para o efecto. Tamén se lles proporcionarán técnicas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de motivación para o emprego e intelixencia emocional, habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora, prospección empresarial, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

En total prevese desenvolver 58 proxectos, 33 deles en entidades sen ánimo de lucro e 25 en concellos. Cada un deles contará con 100 persoas en paro, que deben constar inscritas como desempregadas no Servizo Público de Emprego de Galicia e das que, como mínimo, deben ser inseridas no mercado laboral o 35% durante a execución do proxecto. O programa inclúe unha bolsa de 10 euros por día e demandante pola asistencia á formación, que subvenciona a Xunta.

Ademais, o Goberno galego asume os custos salariais e de Seguridade Social do persoal necesario para levar a cabo as accións do programa -tanto persoal propio da entidade como o que contrate especificamente para a execución do programa- así como as axudas de custo e desprazamento dese persoal, e gastos materiais e equipamentos técnicos, entre outros.

Colectivos prioritarios

A Xunta trata como colectivos prioritarios para atender por medio dos programas integrados de emprego as persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas menores de 30 anos con baixa cualificación, persoas migrantes cunha autorización de residencia temporal por motivo de arraigamento para a formación, persoas menores de 30 anos cualificadas, persoas maiores de 45 anos, persoas desempregadas como consecuencia dun expediente de regulación de emprego de carácter extintivo presentado nos 12 meses anteriores, persoas desempregadas de longa duración, persoas inmigrantes e mulleres.

Ademais, como en anteriores convocatorias, resérvanse dous millóns de euros do global do orzamento para o financiamento de programas dirixidos exclusivamente a mulleres desempregadas, co obxecto de que reciban atención específica para a súa incorporación ao mercado laboral.

Mellora da cualificación profesional

Esta actuación enmárcase no Plan galego de formación para o emprego ao cal o Goberno autonómico destina este ano 117 millóns de euros. Con esta ferramenta, o Executivo galego busca mellorar a cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas e desempregadas, a competitividade das empresas e as oportunidades en Galicia. Entre os anos 2009 e 2023 máis de 55.000 persoas participaron en programas integrados de emprego, nos que a Xunta investiu máis de 100 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONSTRUIRÁ NO POLÍGONO DA SIONLLA O NOVO EDIFICIO DO CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA PARA IMPULSAR O SEU LIDERADO INTERNACIONAL

- Salienta que a obra, dotada de 56 M€, será “o maior investimento na historia do Cesga” e se prevé que estea rematada “a mediados do 2026”
- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP resalta que a nova sede albergará o Finisterrae IV, o futuro supercomputador que cubrirá tamén necesidades vinculadas á intelixencia artificial
- O proxecto levantarase nunha superficie de máis de 9.100 metros cadrados propiedade da Xunta, coidando tanto a súa funcionalidade como a estética
- O obxectivo destas actuacións é reforzar o Cesga como un centro de referencia europea que estea á vangarda en infraestruturas de computación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Goberno autonómico vai destinar “56 millóns de euros” á construción do novo edificio do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) “que estará situado no polígono da Sionlla”.

“Será o maior investimento feito no Cesga ao longo da súa historia e a previsión é que estea listo a mediados de 2026”, indicou o presidente, quen resaltou que o obxectivo é que o Cesga siga a manterse “coma un referente a nivel nacional e internacional”.

O novo edificio do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) albergará as novas infraestruturas tecnolóxicas avanzadas do centro que estarán a disposición da comunidade científica e das empresas. Tal e como explicou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, a actuación realizarase cun orzamento de máis de 56 M€ de fondos europeos e do Goberno galego, tras lograr captar 47,4M€ procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia, no marco do PERTE Chip. De feito, Galicia é a comunidade que consegue unha maior achega entre todos os membros da Rede española de supercomputación (RES), formada por 14 nodos distribuídos por todo o Estado, que recibe, no seu conxunto, 63 millóns de euros. É dicir, que Galicia capta o 75% dos fondos repartidos en toda España.

Para poder levar a cabo todas as actuacións do proxecto, a Xunta de Galicia incrementa o orzamento nun 20%, posibilitando o impulso do Cesga no seu liderado internacional. Ademais desta achega, dispón do soar do polígono da Sionlla en que se construírá o novo centro co fin de poñer en funcionamento este servizo nos prazos establecidos.

O edificio situarase nun soar cunha superficie de máis de 9.100 metros cadrados e terá unha superficie construída de 5.800 metros cadrados, que cumpre con todos os requirimentos imprescindibles para o seu funcionamento. Pola natureza singular do proxecto, e de cara a unha futura ampliación e adaptación á súa evolución, é necesario

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realizar un deseño integrado que aliñe todos os aspectos interrelacionados entre si. Deste xeito, a disposición do novo *data center* terá en conta os sistemas construtivos e as instalacións, pero tamén aspectos de planificación do espazo, a funcionalidade de cada subsistema, e a seguridade das persoas e equipamentos, entre outras características.

Respecto ao aspecto máis arquitectónico, e no que atinxe á estética do novo edificio, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional busca convertelo nun referente non só en canto á súa funcionalidade, senón tamén a nivel estético, sen esquecer no proceso aspectos tan importantes coma os ambientais e de eficiencia enerxética.

Ampliación das capacidades do Cesga

O obxectivo deste investimento é reforzar o Cesga como un centro de referencia no ámbito nacional e europeo, que estea á vangarda en infraestruturas de computación, así como no coñecemento sobre tales infraestruturas. Para iso, ademais da nova sede do Cesga que contará cun orzamento de máis de 12 millóns de euros, están previstas unha serie de actuacións para mellorar a calidade dos servizos ofrecidos á comunidade científica e tecnolóxica coa dotación de novas infraestruturas.

O conselleiro detallou que o Cesga contará cun novo supercomputador, o Finisterrae IV, que proporcionará unha potencia computacional adicional cubrindo necesidades de intelixencia artificial, entre outras, e ao que se destinarán "18,6 millóns de euros". Tamén se ampliará a capacidade de almacenamento do centro mediante unha nova infraestrutura que permitirá almacenar gran cantidade de datos de modo permanente e prestar servizos de datos avanzados, á que se destinarán "7,8 millóns".

Completarase a oferta actual do Cesga en computación cuántica con novas capacidades que impulsen o desenvolvemento do ecosistema de computación cuántica e favoreza o seu liderado internacional, que contará cun investimento "de 18 millóns".

Todas estas novas infraestruturas serán localizadas no novo edificio do polígono da Sionlla, que será complementario ao centro de procesamento de datos actual do Cesga situado no campus universitario, e funcionará como centro de procesamento de datos específico e adaptado a estas novidades. Así, ampliaranse as capacidades de aloxamento de infraestruturas tecnolóxicas avanzadas deste centro dependente da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Avanzar na xeración de coñecemento

Este proxecto que despregará o Goberno autonómico suporá un importante incremento da capacidade de cálculo e almacenamento científico do Cesga, o que permitirá á comunidade científica galega e ao CSIC avanzar máis rapidamente na xeración de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coñecemento e na innovación en áreas como a física de altas enerxías, a climatoloxía, a meteoroloxía, a oceanografía, as ciencias da vida, o deseño de fármacos, a ciencia de materiais, a medicina especializada, a intelixencia artificial, a optimización de procesos industriais, a sustentabilidade e moitas máis.

Ademais, achegará vantaxes competitivas aos grupos de investigación que son usuarios do nodo Cesga como membros da Infraestrutura científica e técnica singular (ICTS) integrada na Rede española de supercomputación (RES), ante a crecente demanda destes. Actualmente o Cesga conta cunha nómina de usuarios moi significativa, uns 1.400 usuarios, dos cales o 25% son de fora de Galicia.

Así mesmo, estas infraestruturas permitirán ao Cesga seguir mellorando os servizos que presta e que redundan nunha mellora da calidade de vida dos galegos, como dar soporte computacional á predición diaria do estado do mar para toda a fachada atlántica europea para o sistema de monitorización europeo Copernicus, á predición xeral do tempo en Galicia para MeteoGalicia, á simulación de asolagamentos na bacía hidrográfica Galicia-Costa para Augas de Galicia ou á produción das preto de 40.000 análises xenómicas de pacientes que a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica produce anualmente.

Por último, contribuirán a un fortalecemento e ampliación das colaboracións que o centro mantén con empresas tractoras de diversos sectores como Finsa, Hijos de Rivera ou Mestrelab e que resultan en melloras competitivas destas. Actualmente, o Cesga conta con dúas infraestruturas de computación: o Finisterrae III e o Qmio, dous recursos moi potentes que están á disposición do ecosistema de I+D+i, o que repercute nun beneficio para practicamente todos os sectores económicos.

Na aposta decidida da Xunta de Galicia pola supercomputación e a promoción de servizos comúns de apoio ás tarefas de investigación, naceu o Cesga, unha das infraestruturas máis relevantes da área de computación de altas prestacións en España. "Galicia conta cun dos mellores centros de cuántica do sur de Europa e este novo edificio vai manter a Galicia á vangarda neste eido", indicou Rodríguez, quen salientou que se trata "dun proceso ambicioso que vai marcar o desenvolvemento de áreas clave como a biotecnoloxía ou a intelixencia artificial".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ANALIZA OS POSITIVOS RESULTADOS DA REPARTICIÓN DE TAC E COTAS PARA A FROTA GALEGA NO ÚLTIMO CUMIO DE NAFO EN HALIFAX, CANADÁ

- O acordo permitirá un escenario de continuidade e estabilidade xeral da frota e un avance alentador no desenvolvemento da actividade pesqueira galega coa mellora das posibilidades de pesca dalgunhas das principais especies de interese para 2025
- As pesqueiras do Atlántico Noroeste son moi importantes para os armadores do sur de Galicia, pois permite traballar de forma exclusiva nesas augas a unha media de 10 buques que xeran máis de 200 postos de traballo directos

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe en que se abordan os principais resultados da 46ª reunión anual da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO) celebrada entre o 23 e 27 de setembro en Halifax, Canadá. O documento sinala fundamentalmente aqueles aspectos de especial interese para a frota galega e as especies que captura como son, o bacallau, a cabra, o fletán negro, a raia, a pescada, o mendo ou a pota.

O informe salienta que este acordo permitirá dar continuidade á estabilidade xeral da frota e un avance alentador no desenvolvemento da actividade pesqueira galega coa mellora das posibilidades de pesca dalgunhas das principais especies de interese para o 2025. Este análise destaca dúas boas noticias para o sector en Galicia. Por unha parte, está o incremento de cota de bacallau na zona coñecida como Flemish Cap, onde os buques comunitarios poderán pescar durante o 2025 un total de 6.017 toneladas, das 12.613 que representa o total admisíbel de capturas (TAC), das cales 1.804 toneladas corresponde a nosa comunidade.

Por outra banda, reábrese a pesca do bacallau na zona dos grandes bancos de Terranova, unha vez que constatada a recuperación do stock tras 32 anos de moratoria. Isto achega para a UE un dereito de explotación de 735 toneladas, das cales 160 toneladas serán para Galicia. Ademais, no caso da arcea, outra das especies de maior interese para Galicia, logrouse esquivar o peche desta pesqueira nas zonas 3L e 3N, con 1.093,8 t para a frota comunitaria, continuando nas mesmas cifras no resto de áreas.

Tamén continúan inalterables para a raia, a pota e a pescada branca. A parte negativa vén da cota do fletán, cunha redución de pouco máis do 2% pola aplicación de normas de control de capturas (HCR) sustentadas nunha fórmula matemática cuxo funcionamento é cuestionado pola delegación galega. Por último mantense a moratoria pesqueira para o camarón (na 3M,L,N e O), mendo (2J e 3K,L), alfonsino (6G), capelán (3N e O) e solla americana (3L,N, O).

As pesqueiras do Atlántico Noroeste son moi importantes para os armadores do sur de Galicia -concretamente Vigo, Cangas e Marín- debido a que permite traballar de forma exclusiva nesas augas a unha media de 10 buques pesqueiros que xeran máis de 200 postos de traballo directos. Deste xeito, consolídase a evolución favorable da xestión

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eficiente deste caladoiro, o que resulta fundamental para a realización de investimentos na modernización da frota ou o fomento da remuda xeracional nesta pesqueira.